



Concello de Castrelo de Miño

BASES REGULADORAS DO CAMPAMENTO «CAMPAMENTO DE VERÁN CASTRELO DE MIÑO 2024» DO CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO

Artigo 1. Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación das presentes bases será a poboación menor con idades nados nos anos entre 2012 e 2020.

Artigo 2. Concepto e obxectivos.

Créase este campamento no municipio de Castrelo de Miño co fin de axudar ás familias na conciliación da vida persoal e laboral durante a época estival. Preténdese, a través de actividades educativas e lúdicas, ofrecer aos nenos/as unha opción de tempo libre positiva, alternativa e divertida, e así, fomentar neles/as actitudes e valores positivos, tales como, a cooperación, a solidariedade, e o respecto mutuo, creando un entorno educativo durante o verán. Favorecer o seu desenvolvemento a través do xogo, a convivencia en grupo e a realización de actividades adaptadas ás súas necesidades.

Artigo 3. Requisitos:

Poderán optar a ser usuarios/as deste campamento aqueles nenos e nenas que cumpran cos seguintes requisitos:

- Nenos nados nos anos 2012 ata 2020.
- Non padecer enfermidade contaxiosa.
- Ter autonomía para o desenvolvemento das actividades.

Artigo 4. Número e tipoloxía de prazas ofertadas:

O total das prazas ofertadas será de 40, sendo todas elas de balde. Será preciso un número mínimo de 15 nenos/as para que se desenvolva o campamento.

Artigo 5. Criterios de selección:

A orde de selección será por rigorosa orde de entrada da solicitude no rexistro xeral do Concello.

No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas ofertadas terán preferencia:

1. Os/as nenos/as empadroados/as no Concello de Castrelo de Miño e matriculados/as no CEIP de Castrelo de Miño.
2. Os/as nenos/as non empadroados no Concello de Castrelo de Miño que cursen estudos no CEIP de Castrelo de Miño.
3. Os/as nenos/as empadroados/as no Concello de Castrelo de Miño e non matriculados/as no Colexio de Astariz.
4. Os/as nenos/as con algún familiar de 1º ou 2º grao empadroad/a no Concello de Castrelo de Miño.

Os/as solicitantes non admitidos pasarán a formar parte dunha listaxe de garda. As solicitudes entregadas fóra do prazo indicado estarán suxeitas á existencia de prazas libres. Non serán admitidos nenos/as que non cumpran cos requisitos esixidos.





Concello de Castrelo de Miño

As solicitudes para participar no campamento Concilia Verán do Concello de Castrelo de Miño presentaranse conforme os modelos aprobados polo Concello.

O prazo para presentar a solicitude de inscrición será ata o 25 de xuño. Só serán admitidas solicitudes achegadas fóra de prazo se houbera prazas dispoñibles. Unha vez rematado o período de inscrición publicaranse os listaxes na paxina web do concello facendo constar o número de rexistro de entrada da solicitude.

O chamamento por listaxe de agarda será mediante chamada telefónica. Considerarase como desestimada, e polo tanto, anularase a inscrición existente da listaxe de agarda a:

- Non aceptación da proposta.
- Non recepción de contestación telefónica nun prazo de 24 horas.
- Non ter autonomía persoal/funcional para participar nas actividades organizadas.

Artigo 7. Lugar de presentación das solicitudes.

As solicitudes debidamente cumprimentadas presentaranse na Casa do Concello de Castrelo de Miño ou na sede electrónica do concello.

Artigo 8. Horario.

A data de inicio do campamento será o 1 de xullo e rematará o 30 de agosto de 2024. O horario do campamento será de luns a venres, agás festivos (25 de xullo, 5 de agosto e 15 de agosto), de 9:00 a 14:00 horas.

A chegada dos cativos será entre as 9:00 e as 9:15 momento no que empezaran as actividades; para non entorpecer o funcionamento das actividades e salvo causa xustificada e de xeito puntual se os nenos chegan mais tarde desa hora terán que esperar ata o descanso de media mañá para incorporarse as actividades do campamento.

Artigo 9. Normas de funcionamento.

- É obrigatoria a asistencia e o cumprimento do horario de inicio e remate das actividades.
- A ausencia ás actividades durante 3 ou máis días suporá a perda da praza en favor do/da seguinte na listaxe de agarda, salvo por causa de forza maior non imputable ao interesado e debidamente xustificada.
- No suposto de incumprimento das normas de convivencia e seguridade, ou do comportamento dun neno/a afecte que ao normal funcionamento da actividade, procederá a avisar á familia e á baixa do/a neno/a no campamento.
- É de obrigatorio cumprimento o seguimento das normas recollidas na solicitude.
- A participación nos campamentos suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases e as normas de seguridade e comportamento durante o desenvolvemento do campamento. O Concello de Castrelo de Miño resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento do campamento.





Concello de Castrelo de Miño

- É deber do nenos respectar o material e facer bo uso das instalacións. En caso contrario, serán os pais/nais/titores do neno quen se faga cargo dos gastos de reparación e/ou reposición dos danos ocasionados.
- Non está permitido o uso de aparatos electrónicos tales como vídeo consolas, móbiles, tablets ou similares, por parte dos menores durante o horario no que se realicen las actividades do campamento.
- No caso de padecer algunha discapacidade deberán entregar informe medico para coñecer en detalle o diagnostico, no caso de non contar con autonomía persoal que dificulten a integración do menor e o correcto desenvolvemento das actividades, deberá estar acompañado en todo momento por un titor/acompañante autorizado maior de idade.

Castrelo de Miño, na data da sinatura electrónica á marxe.

O Alcalde

Avelino Pazos Pérez





Concello de Castrelo de Miño

ANEXO 1. FICHA DE INSCRICIÓN

DATOS PERSONAIS DO MENOR		
<u>DNI</u>	<u>Apelidos</u>	<u>Nome</u>
<u>Domicilio</u>		<u>Nº</u>
<u>Municipio</u>	<u>Provincia</u>	<u>Código Postal</u>
<u>Teléfonos de contacto:</u>		
<u>Data de nacemento</u>	<u>Número de tarxeta sanitaria (*)</u>	
Semanas de inscrición: <input type="checkbox"/> 1ª semana, do 1 ao 5 de xullo <input type="checkbox"/> 2ª semana, do 8 ao 12 de xullo <input type="checkbox"/> 3ª semana, do 15 ao 19 de xullo <input type="checkbox"/> 4º semana, do 22 ao 26 de xullo (excluíndo o 25 por festivo) <input type="checkbox"/> 5º semana, do 29 de xullo ao 2 de agosto. <input type="checkbox"/> 6ª semana, do 6 ao 9 de agosto. <input type="checkbox"/> 7ª semana, do 12 ao 16 de agosto (excluíndo o 15 por festivo) <input type="checkbox"/> 8ª semana, do 19 ao 23 de agosto. <input type="checkbox"/> 9ª semana, do 26 ao 30 de agosto.		¿Sabe nadar? <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SI ¿Ten algunha alerxia alimentaria? <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SI . Especificar cal _____ _____ _____
¿Algún tipo de discapacidade que lle impida a práctica normal de actividades? <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> SI. Neste caso será necesario acompañar informe médico de diagnóstico para coñecer o grao de autonomía persoal		
Observacións a ter en conta (médicas, ausencias previstas ou doutra índole): 		
DATOS PERSOAIS DA NAI/PAI/TITOR		
<u>DNI</u>	<u>Apelidos</u>	<u>Nome</u>
<u>Domicilio</u>		<u>Nº</u>
<u>Municipio</u>	<u>Provincia</u>	<u>Código Postal</u>
Coa sinatura desta ficha acepto as bases do campamento e autorizo baixo a miña responsabilidade a participar ao neno/a no campamento:		





Concello de Castrelo de Miño

Asdo:

De acordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e, na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados polo Concello de Castrelo de Miño coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e pasarán a formar parte do Rexistro de Actividade de Tratamento (RAT) do Concello, sendo cedidos unicamente cando sexa estrictamente necesario para a correcta prestación do servizo/actividade. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, mediante comunicación ao Responsable, no seu domicilio profesional en Avda. do Concello, nº18, 32430, Castrelo de Miño, Ourense ou ante o DPD a través da dirección concello@castrelo.gal ou ben, a través de www.aepd.es.





Concello de Castrelo de Miño

(*) En caso de accidente o/a usuario/a terá que empregar o seu seguro médico. Por aplicación do Decreto 50/2000, de 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude e o Decreto 58/2012, de 12 de xaneiro, que modifica o anterior, a entidade prestadora do servizo do Campamento de Verán 2024, non precisa dun seguro de accidentes para o exercicio da súa actividade. Coa solicitude achegará fotocopia da tarxeta sanitaria ou seguro médico privado do/a menor.





Concello de Castrelo de Miño

ANEXO 2. PERMISOS

1. RECOLLIDA DO/A MENOR

¿O MENOR PODE MARCHAR SOLO PARA CASA?

- SI
 NON *

* Cubrir no caso de responder NON a pregunta anterior:

D/Dona _____
con DNI _____ pai/nai/titor legal do menor
_____ AUTORIZO que o meu fillo/a sexa
recollido/a pola/s seguinte/s persoa/s maior de idade:

- D/Dona _____ con DNI _____
- D/Dona _____ con DNI _____
- D/Dona _____ con DNI _____
- D/Dona _____ con DNI _____
- D/Dona _____ con DNI _____

2. EMERXENCIAS

En caso de emerxencia avisar a:

- D/Dona _____
Teléfono _____
- D/Dona _____
Teléfono _____

AUTORIZA as decisións médico-cirúrxicas que fose preciso adoptar en caso de extrema urxencia, baixo a axeitada dirección facultativa médica.

En Castrelo de Miño, _____ de _____ de 2024

Asdo.

De acordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e, na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos





Concello de Castrelo de Miño

facilitados serán tratados polo Concello de Castrelo de Miño coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e pasarán a formar parte do Rexistro de Actividade de Tratamento (RAT) do Concello, sendo cedidos unicamente cando sexa estrictamente necesario para a correcta prestación do servizo/actividade. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, mediante comunicación ao Responsable, no seu domicilio profesional en Avda. do Concello, n°18, 32430, Castrelo de Miño, Ourense ou ante o DPD a través da dirección concello@castrelo.gal ou ben, a través de www.aepd.es.





Concello de Castrelo de Miño

ANEXO 3. CESIÓN DE DATOS E IMAXES CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO

O Concello de Castrelo de Miño e a empresa organizadora, dentro do campamento municipal, poderá difundir as Imaxes que teñen por obxecto divulgar as actividades que se realicen dentro desta, podendo ser incluídas en notas de prensa, páxinas web, redes sociais, e tamén nas memorias e documentos xustificativos do concello, entre outros. Autorizo ao uso das imaxes do meu fillo/a :

NON

SI

Da mesma maneira, cedo o uso dos meus datos persoais para fins publicitarios ao devandito Concello así como á empresa organizadora, podendo facer uso dos mesmos en notas de prensa, páxinas web, redes sociais, e tamén nas memorias e documentos xustificativos do concello. Autorizo ao uso dos meus datos e os do/a fillo/a:

NON

SI

En Castrelo de Miño, _____ de _____ de 2024

Asdo.





Concello de Castrelo de Miño

De acordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e, na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados polo Concello de Castrelo de Miño coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e pasarán a formar parte do Rexistro de Actividade de Tratamento (RAT) do Concello, sendo cedidos unicamente cando sexa estrictamente necesario para a correcta prestación do servizo/actividade. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, mediante comunicación ao Responsable, no seu domicilio profesional en Avda. do Concello, nº18, 32430, Castrelo de Miño, Ourense ou ante o DPD a través da dirección concello@castrelo.gal ou ben, a través de www.aepd.es.





Concello de Castrelo de Miño

ANEXO 4. CESIÓN DE USO DE DATOS PARA CREACIÓN DE GRUPO DE WHATSAPP

Con motivo de facilitar as comunicacións do Campamento Infantil de Verán organizado polo Concello de Castrelo de Miño e de conformidade coas bases aprobadas a tal fin e coas fichas de inscrición asinadas polos responsables dos/as nenos/as, o Concello de Castrelo de Miño CEDE O USO dos datos facilitados polos interesados/as a empresa prestadora do servizo de campamento Infantil de Verán 2024, aos solos efectos de crear un grupo de whatsapp cos pais, nais e/ou titores responsables dos/as nenos/as coa finalidade de manter unha comunicación rápida e directa cos/as mesmos/as sobre calquera incidencia relacionada cos/as cativos/as que participen no campamento ou sobre o desenvolvemento das actividades.

USO DOS DATOS: Queda terminantemente prohibido o uso da información contida no grupo para outros fins, distintos do anteriormente descrito, inclusive a comunicación a terceiros non pertencentes ao grupo.

CONSERVACIÓN DOS DATOS: Mentres se pertenza ao grupo poderase gardar o histórico de conversacións que sexan necesarias para o fin descrito. Cando o membro sexa expulsado do grupo deberá eliminar inmediatamente todas as conversacións do mesmo, excepto se se require a súa conservación por unha obriga legal ou para a lexítima defensa do membro expulsado, nese caso deberase bloquear toda a información e limitar o seu tratamento en tanto que puideran derivarse responsabilidades da súa relación con outros membros do grupo. O administrador do grupo poderá conservar indefinidamente os datos e mensaxes de todos os membros que permaneceran no grupo ata a eliminación definitiva do mesmo, excepto que se requira a súa conservación polos mesmos motivos que calquera outro membro do mesmo.

Os datos cuxo uso se cede son os seguintes:

- NOME E APELIDOS DOS PAIS/NAIS/TITORES
- NOME E APELIDOS DOS/AS NENOS/AS
- NÚMERO DE TELÉFONO MÓBIL DE CONTACTO DOS PAIS/NAIS/TITORES

Autorizo á empresa prestadora do servizo de campamento Infantil de Concilia Verán 2024 ao envío de comunicacións vía WhatsApp:

NON

SI

En Castrelo de Miño, _____ de _____ de 2024





Concello de Castrelo de Miño

Asdo.

De acordo co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e, na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados polo Concello de Castrelo de Miño coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e pasarán a formar parte do Rexistro de Actividade de Tratamento (RAT) do Concello, sendo cedidos unicamente cando sexa estritamente necesario para a correcta prestación do servizo/actividade. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, mediante comunicación ao Responsable, no seu domicilio profesional en Avda. do Concello, nº18, 32430, Castrelo de Miño, Ourense ou ante o DPD a través da dirección concello@castrelo.gal ou ben, a través de www.aepd.es.

